



Concello do Grove

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
1346/2019	A Xunta de Goberno Local

**JAVIER LÓPEZ MERA, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 22 de febreiro de 2021 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 1346/2019. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Dáse conta do informe - proposta remitido pola técnica de administración xeral, asinado o día 19-02-2021, co seguinte teor literal:

"Asunto: Aprobación da ampliación da bolsa de emprego temporal no Concello do Grove mediante a creación de listas de agarda do posto de traballo de operario electricista"

Antecedentes

Primeiro: O 19.09.2019 aprobáronse pola Xunta de Goberno Local as bases e a convocatoria para a constitución dunha Bolsa de emprego temporal mediante a creación de listas de agarda para diferentes postos de traballo.


Segundo: O 09.02.2021 pola concelleira delegada da Área de Obras e servizos informouse sobre a necesidade de ampliación dunha categoría nas bolsas de emprego de operario electricista.

Considerando que constan no expediente de tramitación das citadas bolsas (1346/2019-gestiona) informe xurídico do secretario xeral con número 2019-0013 e data 02.09.2019. Así mesmo, consta o documento definitivo das bases reguladoras do proceso selectivo, para a constitución dunha bolsa de emprego para atender ás necesidades dos servizos do Concello do Grove, asinadas con data 06.09.2019 pola Alcaldía.

Tendo en conta o que antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, elevo a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Ampliar unha categoría profesional das que aparecen relacionadas no ANEXO I

Concello do Grove





Concello do Grove

das bases que rexen na convocatoria do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego temporal no Concello do Grove mediante a creación de listas de agarda para diferentes postos de traballo, incorporando un apartado XI, no que se recolla como posto ofertado OPERARIO ELECTRICISTA

Segundo.- XI. OPERARIO ELECTRICISTA

a) *Características*

Funcionario/Laboral

Grupo C2/ ou equivalente para o persoal laboral

Administración Especial

Persoal de oficios

Funcións específicas:

- *Realizar o conxunto de tarefas e actuación específicas e especializadas relacionadas co oficio.*
- *Revisar instalación en edificios e espazos municipais, así como comprobar o funcionamento e a seguridade de toda clase de instalacións eléctricas.*
- *Realizar limpeza e mantemento de luminarias, así como limpar, comprobar e reparar elementos dos cadros e mandos de protección.*
- *Montaxe e desmontaxe de instalacións temporais en emprazamentos abertos para a celebración de actos e eventos festivos, deportivos, lúdicos, etc.*
- *Realizar reparación de compoñentes no almacén municipal, así como reparar e instalar fotocélulas, reloxos astronómicos e reparar avarías de calquer outro mecanismo ou compoñente relacionado coa súa especialidade.*
- *Utilizar, conservar e manter os medios mecánicos, materiais, maquinaria e elementos auxiliares, para a súa correcta execución do traballo.*
- *Comunicar anomalías e incidencias.*
- *Propor e impulsar todas aquelas medidas dirixidas a mellorar e garantir a debida conservación e seguridade nas infraestruturas municipais no ámbito das súas competencias*
- *Coñecer, observar e aplicar de maneira permanente as normas e indicacións de seguridade e saúde no traballo.*

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 3ECEYFKJMH7DETCDFK7QNU9 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



Concello do Grove

- *Realizar ademais todas aquelas tarefas análogas e complementarias que lle sexan asinadas que, baixo a liña das descritas e similares a elas, sexan precisas para a boa marcha do servizo*

b) *Condicións das persoas aspirantes*

Ademais das condicións sinaladas na base sexta, as persoas aspirantes deberán posuír as seguintes titulacións no día en que remate o prazo de presentación de instancias:

-Formación profesional de grao medio ou grao superior en equipos e instalacións electrotécnicas, técnico/a en instalacións eléctricas e automáticas; técnico/a en equipos e instalacións electrotécnicas ou formación profesional de primeiro grao en electricidade (Técnico auxiliar rama eléctrica ou equivalente)

-Ciclo medio ou superior na rama de electricidade: ciclo medio de instalacións eléctricas e automáticas, ciclo superior de sistemas electrotécnicos e automatizados, ciclo medio de equipos e instalacións electrotécnicos

-Certificado de profesionalidade de montaxe e mantemento de instalacións eléctricas

-Certificado de acreditación de competencias a través da experiencia.

Estar en posesión do carnet de conducir tipo B.

c) *Probas selectivas da fase de oposición*

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos relacionados co contido programa anexo, no tempo máximo determinado polo Tribunal. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Será cualificado entre cero (0) e vinte (20) puntos, necesitándose para a súa superación obter unha puntuación mínima de dez (10) puntos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba de coñecemento do idioma galego, que consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio cualificarase de apto / non apto.

Concello do Grove





Concello do Grove

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 1.

d) Programa

Tema 1. A Constitución española de 1978. Estructura e principios xerais. Os dereitos fundamentais na Constitución. A organización do Estado na Constitución.

Tema 2. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ao empadramento. A organización: O Alcalde, Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Pleno. Competencias municipais.

Tema 3. O persoal ao servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades. Faltas e sancións.

Tema 4: Instalacións de alumeado exterior e alumeado público

Tema 5.- Instalacións eléctricas. Dispositivos de mando e protección de instalacións eléctricas.

Tema 6.- Instalacións de enlace. Instalacións temporais e provisionais.

Tema 7.- Instalacións de interior de edificios: partes compoñentes, condutores e outros materiais. Elementos de protección contra contratos eléctricos. Execución e conservación.

Tema 8.- Instalacións eléctricas en locais de risco de incendio ou explosión, e en locais de características especiais e de pública concorrencia.

Tema 9.- Medida e verificación de instalacións eléctricas. Cálculos. Autorización, posta en servizo e inspección. Equipos de medida. Equipos de mando. Esquemas eléctricos.

Tema 10.- Motores eléctricos. Partes, compoñentes, funcionamento, reparación e mantemento. Receptores eléctricos.

Tema 11.- Redes eléctricas de alimentación para puntos de luz con lámpadas con equipos de descarga: elementos compoñentes, materiais e execución de instalacións

Segundo- *Publicar un anuncio da ampliación desta categoría no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro da anuncios (Sede Electrónica e casa do concello) e páxina web do Concello."*



Concello do Grove





Concello do Grove

Logo de someter a citada proposta á consideración da Xunta de Goberno Local, esta, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobala nos mesmos termos en que figura redactada e adoptar os acordos que nela se expresan.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 3ECEYFXKJMFH7DETCCFK7QJ9 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5